



Sra. Presidenta do Parlamento,

Diríxome a vostede en relación á polémica que suscitou que o Valedor do Pobo veña de solicitar a retirada dun manual escolar porque, ao falar das características distintivas de Galicia, reproduce o artigo 5.1 do Estatuto, no cal se di que a lingua propia de Galiza é o galego.

Como representante da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL), transmítolle que consideramos esta resolución como improcedente, tendo en conta que está baseada nunha falsidade, xa que o texto ao que se refire respecta totalmente a legalidade e mantén rigor científico xa que reproduce, de forma literal, textos aprobados polo mesmo Parlamento de Galicia.

Dado que a devandita resolución adopta un punto de vista parcial e erróneo, que non se axusta á verdade e que lle dá paso a un discurso que só procura crear conflitividade arredor das dúas linguas oficiais de Galicia, oficialidade que o manual cita expresamente, cremos que Benigno López amosa unha ideoloxía lingüística que pretende minorizar aínda máis a lingua propia de Galicia e, polo tanto, incumpre de xeito grave e notorio as obrigas e deberes do seu cargo, xa que **é incapaz de realizar as súas funcións con obxectividade e imparcialidade.**

Quero por iso solicitarlle que lle transmita á Mesa do Parlamento a miña petición en nome da CGENDL de que, de acordo co artigo 5 da Lei do Valedor do Pobo de Galiza, se proceda ao cesamento de Benigno López e á designación dunha persoa que estea á altura da institución.

Cumprimentos cordiais,

Valentina Formoso Gosende
Coordinadora xeral da CGENDL